# XXXIV CARREIRA POPULAR PASCUA PADRÓN 2013

A Concellería de Deportes de Padrón organiza o vindeiro Sábado 30 de marzo de 2013 a partir das 10:45 horas, a XXXIV edición da súa CARREIRA POPULAR DE PASCUA , que se disputará na proba absoluta sobre unha distancia de 13,3 Km. As probas levaranse a cabo na localidade de Padrón e estarán baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago). As probas estarán suxeitas o seguinte

## REGULAMENTO

Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo, Delegación en Santiago de Compostela.

▪ PROBAS: Celebraranse 6 probas con percorridos e horarios diferentes según as categorías. A saída e chegada de todas elas será na Praza de Macías.

**PROBAS:**

| PROBA | HORA | CATEGORÍAS (MASC. FEM) | DISTANCIA |
|---|---|---|---|
| 1ª | 10:45 h | PITUFOS: 2009 e posteriores | 200 metros |
| 2ª | 11:00 h. | PREBENXAMÍNS: 2006 – 2007 – 2008 | 500 metros |
| 3ª | 11:07 h. | BENXAMÍNS: 2004 - 2005 | 500 metros |
| 4ª | 11:15 h. | ALEVÍNS: 2002 - 2003<br>INFANTÍS: 2000 – 2001 | 2000 metros |
| 5ª | 11:30 h | CADETES: 1998 - 1999<br>XUVENÍS: 1996 - 1997 | 4000 metros |
| 6ª | 12:00 h | XUNIOR/PROMESA: 1995 - 1991<br>SENIOR: 1990 ata veteráns<br>VETERÁN A: 1968 - 1978<br>VETERÁN B: 1958 - 1967<br>VETERÁN C: 1957 e anteriores | **13,3 Km**<br>Saída/Chegada Praza Macías<br>Percorrido:<br>Extramundi, pistas de Lamas, Pistas de Seira |
| | 13:15 h | ENTREGA DE PREMIOS (PRAZA DE MACÍAS) | |

▪ CONTROL CON CHIP

A proba Absoluta estará controlada ao longo do percorrido a través dun chip que se entregará a cada corredor e que deberá colocar nas súas zapatillas antes da saída. Os corredores que cheguen á liña de meta sen o seu chip non serán clasificados e teñen a OBRIGA de devolvelo ó finalizar a proba. TODOS AQUELES CORREDORES QUE NON ENTREGUEN O CHIP NON ENTRARÁN NAS CLASIFICACIÓNS; TAMPOUCO PERCIBIRÁN NINGUN TIPO DE OBSEQUIO E NON PODERÁN PARTICIPAR EN NINGUNHA PROBA ORGANIZADA POR CHAMPIONCHIP. Este Chip, finalizada a proba, non ten ningunha utilidade.

▪Todo corredor/a (DE CALQUEIRA PROBA) que non entre en liña de meta co dorsal ben visible NO PEITO para a sua identificación, cometa algunha irregularidade, ou non respete as indicacións dadas pola organización, será automaticamente descalificado/a.

▪Os percorridos estarán indicados, controlados e sinalizados por kilómetro.

▪A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ó longo do percorrido.

▪Vestiarios e duchas: habilitaranse 2 pavillóns: Pavillón do Souto (so para homes) e Pavillón Grupo Escolar (para homes e mulleres) de 11:00 a 14:00 horas.

▪ Resultados: www.fgatletismo.es/santiago/, www.atletismogalego.org, www.championchipnorte.com, www.correrengalicia.org

▪TODAS AS RECLAMACIÓNS DEBERÁN SER DIRIXIDAS O XUIZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN con prazo máximo de 30 min. Despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

▪ INSCRICIÓNS:

- PROBAS ESCOLARES (ATA XUVENIL): Ata o mércores 27 de Marzo ás 14:00 horas nas webs www.fgatletismo.es/santiago e www.atletismogalego.org, cubrindo e enviando o formulario de inscrición presente nestas webs.

- ADULTOS: ata o mércores 27 de Marzo ás 14:00 horas na web: www.championchipnorte.com (forma única de inscrición). Se non eres usuario, debes de darte de alta no apartado "REXISTRARSE" e seguir as instruccións para formalizar as inscricións que desexes.
-Teléfono de información: 627 008 584 en horario de 09:00 a 14:00 horas.

PREZO da inscrición (a proba absoluta estará controlada a través dun CHIP) será o seguinte:
-CATEGORÍAS ESCOLARES: GRATUÍTA
-ADULTOS: * Propietarios Chip Amarelo Championchip: 4,00 €
* Corredores sen Chip Amarelo Championchip: 5,00 €

NOTA: A PRE-INSCRICIÓN NON SE COMPLETARÁ SE NON SE FAI O PAGO NO MOMENTO DE INSCRIBIRSE EN www.championchipnorte.com.
Para calqueira dúbida relacionada co proceso de inscrición deberedes dirixirvos ós teléfonos:
982 816 884 (Championchip); 627.00.85.84 (Organización de 09:00 a 14:00 horas)

AO REMATE DA CARREIRA SERVIRASE ÓS PARTICIPANTES CHOCOLATE CON CHURROS POR CORTESÍA DE RESTAURANTE OS MONAGUILLOS e CHURRERÍA NELI-MAMBIS

**Non se admitirán inscricións fora de prazo, sen os datos obrigatorios, nin o día da proba**

RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS: Realizarase o día da proba na CARPA SITUADA NO PASEO DO ESPOLÓN, a partir das 10:00 horas ata media hora antes do inicio de cada proba.

▪TROFEOS, PREMIOS E AGASALLOS:

Entregarase unha camiseta conmemorativa do evento a cada participante.
Medallas e Agasallos según disponibilidade e ata fin de existencias.
-PROBAS ESCOLARES: Trofeo os/as 3 primeiros/as corredores/as de cada categoría establecida por idade e sexo.
-PROBA ABSOLUTA:
* Trofeo os/as 3 primeiros/as corredores/as de cada categoría establecida por idade e sexo.
* TROFEO ESPECIAL DE PASCOA os/as 3 primeiros/as clasificados/as da proba absoluta patrocinado por NAUTICA A POUTADA.
-PREMIOS ESPECIAIS:
* 1º/1ª Corredor/a local: Trofeo
*Trofeo de Participación: Colexio/clube con máis corredores inscritos que finalicen a proba.
* Trofeo Benxamín: Corredor/a de menor idade
* Trofeo Superveterán: Corredor de maior idade.
* Trofeo Superveterana: Corredora de maior idade.
* OS PREMIOS NON SERÁN ACUMULATIVOS(agás os dos corredores/as locais)

ENTREGA DE PREMIOS: A entrega de premios será ó finaliza-la derradeira proba (13:15 aproximadamente) na Praza de Macías. Poderase esixir o DNI se a organización o solicitase ó recolle-lo premio.
En caso de mal tempo realizarase no PAVILLÓN POLIDEPORTIVO GRUPO ESCOLAR (Pavillón Novo), informando oportunamente con antelación.

A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento. A organización reservase o dereito a modificar o mesmo de cara a garantir o correcto desenvolvemento da proba.

*- A Concellería de Deportes do Concello de Padrón non se fai responsable dos daños morais ou materiais que a sí mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira, así coma das neglixencias ou imprudencias que poidan cometer durante o seu transcurso.*

*- Dado o carácter deportivo e popular da prueba non se admitirán reclamacións, esperando o mellor espírito e comportamento deportivo de todo-los participantes. A organización resérvase o dereito a modificar este regulamento se as circunstancias así o aconsellasen (informando oportunamente), e o non recollido no mesmo resolverase según o criterio técnico da mesma, sendo as suas decisións inapelables. A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.*